



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Conservación en bibliotecas e centros de documentación

CONVOCATORIA: 1ª conv AUTONOMICO

GRUPO: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

ÁREA: Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	25
ADMINISTRACIÓN:	AU LO	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2025
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEPRESENZA	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 21/02/2025 - 09:00h ao 27/02/2025 - 14:00h

2. DESCRICIÓNS

DESCRINCIÓN CURSO

Obxectivo principal

- Familiarizar o alumnado con temas cotiáns como a alteración ou os principais elementos de conservación preventiva, dando prioridade ás actividades relacionadas coa prevención da deterioración e a práctica diaria.

Obxectivos específicos

- Entender a preservación como elemento de xestión bibliotecaria.
- Entender os procesos de deterioración dos materiais documentais.
- Os métodos de conservación

DESTINATARIOS

Persoal bibliotecario, técnico e auxiliar, da Rede de bibliotecas públicas de Galicia ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional e das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

PROGRAMA

Módulo I. Introducción xeral á preservación. Cuestións históricas da preservación documental: o problema da acidez. IFLA e o desenvolvemento da preservación. Situación actual e perspectivas de futuro.

Módulo II. Formatos documentais. Elaboración dos materiais documentais tradicionais: Pergamiño. Papel. As tintas.

Módulo III. Axentes de deterioración. O medio ambiente como agresor dos fondos documentais. O calor. A humidade. As radiacións. Os contaminantes. O uso. Sistemas de control e métodos de conservación preventiva.

Módulo IV. Conservación preventiva. Métodos de conservación. Prácticas elementais. Erradicación de prácticas daniñas. Formación de traballadores e usuarios. Contedores. Conservación de rexistros audiovisuais. Recomendacións xerais de xestión.

Módulo V. Xestión de emerxencias en bibliotecas. Prevención de emerxencias e estudo de riscos. Resposta fronte a emerxencias causadas por auga, lume e forzas físicas. Facer un plan de salvagarda.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1- Persoal das bibliotecas públicas da Rede de Bibliotecas de Galicia ao servizo da Administración autonómica e das entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia.

2- Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

3. DATOS EDICIÓNS

TELEPRESENZA

LOCALIDADE: TELEPRESENZA

INICIO / FIN: 19/05/2025 a 05/06/2025

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL

DATA EXAME: 05/06/2025 ás 10:00h

DOCENTES NOMEADOS

SANTIAGO GARCÍA GUIJO

Bárbara Hernández Marino

Héctor Bolívar Sanz

LUGAR DE REALIZACIÓN

Sala telepresenza: Os días 19, 20, 21, 22, 23, 26, 27, 28 e 30 de maio de 09:30 a 11:30. Os días 02, 03 e 04 de xuño de 09:30 a 11:30. O día 05 de xuño de 09:30 a 10:30. <https://egap.xunta.gal/aulavirtual>